

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

FONDO GALEGO DE GARANTÍA AGRARIA

RESOLUCIÓN do 14 de maio de 2020 pola que se dá publicidade da relación de persoas beneficiarias e importes das axudas de agroambiente e clima (submedida 10.1) e de agricultura ecolóxica (submedidas 11.1 e 11.2) solicitadas ao abeiro da Orde do 22 de xaneiro de 2019.

Mediante a Orde do 22 de xaneiro de 2019 (DOG núm. 22, do 31 de xaneiro) a Conselleira do Medio Rural regulou a aplicación dos pagamentos directos á agricultura e á gandaría e as axudas ao desenvolvemento rural suxeitas ao sistema integrado de xestión e control.

O artigo 28 da citada orde dispón que as resolucións poderán ser notificadas de acordo co establecido no artigo 45 de la Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. De conformidade co establecido no dito artigo, a notificación realizarase mediante a publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Por outra banda, de conformidade co artigo 7.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o Decreto 7/2014, do 16 de xaneiro, polo que se aprobaron os estatutos do organismo autónomo Fondo Galego de Garantía Agraria (en diante, Fogga), atribuíuse á Dirección do Fogga a potestade de resolver os procedementos de concesión de axudas que se tramiten no ámbito das súas competencias.

RESOLVO:

Primeiro. Facer pública na web do Fogga a relación de persoas beneficiarias e importes das axudas de agroambiente e clima (submedida 10.1) e de agricultura ecolóxica (submedidas 11.1 e 11.2) ao abeiro da Orde do 22 de xaneiro de 2019.

As persoas interesadas poden acceder á dita web na seguinte ligazón:

<https://fogga.xunta.gal/>

Segundo. Poñer á disposición das persoas interesadas, no portal de axudas da PAC, as resolucións completas das axudas citadas no punto primeiro.

O acceso ao dito portal poderá realizarse a través da seguinte ligazón:

https://fogga.xunta.gal/gl/pac/consultas_pac/portal_de_axudas_pac



Terceiro. Contra as citadas resolucións, que non poñen fin á vía administrativa, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso de alzada ante o presidente do Fogga, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación desta resolución, consoante o disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. O prazo de interposición concluirá o mesmo día desta publicación no mes de vencemento, de conformidade co artigo 30.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Santiago de Compostela, 14 de maio de 2020

Silvestre José Balseiros Guinarte
Director do Fondo Galego de Garantía Agraria

